

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA

BASES:

1. Participantes.

Poderán participar todos os alumnos do IES A Sardiñeira, en fase de concurso, e os demais membros da comunidade educativa, en fase de exposición.

2. Tema.

O tema das fotografías deberá estar relacionado co mundo das matemáticas nas súas múltiples manifestacións (figuras xeométricas, mosaicos, simetrías, cálculo numérico, estatística e azar, etc.).

As fotografías deberán ser orixinais sen ningún tipo de retoque fotográfico que cambie o contido da mesma. Non se aceptarán imaxes descargadas de Internet, nin escaneadas de ningún outro tipo de medio gráfico.

3. Formato.

As fotografías presentaranse en papel fotográfico en tamaño 15 x 20 co **título correspondente no reverso**, ademais do nome e apelidos do concursante. (Máximo de tres fotografías por participante).

Deberá enviarse unha copia de cada imaxe en formato JPG á dirección de correo electrónico mate.sardineira@gmail.com. A copia deberá ir acompañada doutra da mesma imaxe pero tomada desde un ángulo distinto (só en formato dixital, ésta non é necesario imprimila).



4. Entrega de fotografías.

As fotografías deberán ir introducidas nun sobre e poderán entregarse a calquera membro do Departamento de Matemáticas.

5. Prazos.

O prazo de recepción das fotografías remata o **Venres 15 de febreiro de 2019 ás 14:30 horas**.

6. Premios.

As fotografías presentadas por alumnos serán avaliadas polos membros do Seminario de Matemáticas e optarán aos seguintes premios:

1º premio: Cheque regalo do Corte Inglés por importe de 50€

2º premio: Cheque regalo do Corte Inglés por importe de 30€

3º premio: Cheque regalo do Corte Inglés por importe de 20€

O fallo do xurado será inapelable e o premio poderá quedar deserto. Un mesmo alumno non poderá acadar máis dun premio.

7. Uso das imaxes.

O Seminario de Matemáticas reservase o dereito a utilizar as fotografías presentadas para usos didácticos.